



Tanto se pensamos nas poboacións galegas como nas cidades que acolleron emigrantes galegos, a figura do afiador empeza a ser excepcional e a ter un certo aire de exotismo.

OLEGARIO SOTELO BLANCO

Escritor, editor e xornalista, naceu en Quintela de Mazaira, Castro Caldelas, Ourense. Interesado sempre pola cultura tradicional e pola salvagarda do mundo rural galego,

publicou *Castro Caldelas y su comarca* (1981, 2ª ED., 1989), *A emigración galega en Catalunya* (1991), *Antropoloxía cultural da Terra de Caldelas* (2 vols., 1992) e xunto con Manuel Mandianes Castro, o ensaio *A concentración*

parcelaria (1994), *“Os Afiadores. A industria ambulante”* (1994). Tamén publicou o libro de relatos *Contos de indianos*, e recentemente a súa primeira novela: *“El viaje de la vida”*.



O afiador: o home, a mentalidade

Olegario Sotelo Blanco

Na actualidade, falar dos afiadores obriga, en boa medida a remontarnos a un pasado non moi afastado, que desde logo empeza a abandonar-la nosa realidade presente. Tanto se pensamos nas poboacións galegas como nas cidades que acolleron emigrantes galegos, a figura do afiador empeza a ser excepcional e a ter un certo aire de exotismo. Non foi así sempre.

Durante moitos anos, os afiadores formaron parte moi importante dese sector que integraba o traballo ambulante. As terras de Castela foron o escenario predilecto destes profesionais, mais, cos anos, as súas rodas coñeceron tódalas rúas de España. Tecnicamente, estes afiadores non eran emigrantes. Non saían en busca dun traballo, senón que viaxaban co seu traballo en busca de clientela. Nin saían para non voltar.

O seu calendario de saídas e regresos viña marcado

polo tempo das colleitas: cando o campo esixía pouca atención, eles deixaban a aldea, onde permanecían a muller e os fillos. Mentres o esposo afiador estaba fóra, a muller facía tódolos labores da casa, da terra e do coidado dos animais, ademais de facer de pai; era, con tódalas consecuencias, unha “viuva de vivo”. Pero iso xa é outra historia.

Un oficio solitario, mais solidario.

Como tódolos oficios ambulantes, o afiador ten esa imaxe de oficio de segunda clase desempeñado por homes solitarios, por non dicir túzaros. Nada máis lonxe da realidade. Hai uns poucos anos, escribín e publiquei o libro *Os afiadores, unha industria ambulante*; o proceso da súa redacción obrigoume a entrar en contacto coa xente que aínda mantén o oficio, e podo desmenti-lo tópico, ou se queren o ton frívolo do tópico. Este era ou é un oficio duro, e



polo tanto os homes que o desempeñaban eran homes duros. E era un oficio complicado, e polo tanto os homes que o desempeñaban eran homes necesariamente mañosos.

Claro, cando o oficio pasaba de pais a fillos, o futuro afiador iniciábase cos encargos máis elementais ou sinxelos, ata coller profesionalidade; pero ás veces o afiador comezaba cunha certa idade neste traballo, casado e con familia; e entón, como ocorre en moitos outros oficios autónomos, o coñecemento dos seus segredos gañábase a base de estrada e de instinto. E non eran segredos insignificantes.

Isto demóstrase no feito de que os adiantos técnicos que foron chegando ó oficio non cambiaron de modo ningún a súa forma de desenvolvelo. Certamente pasouse da roda tirada a man á roda ins-

talada nunha bicicleta e logo colocada nunha motocicleta; pero esta evolución foi afectando ó modo de transporte ou de desprazamento do afiador, e non ó seu traballo. Unha vez parada a bicicleta ou a moto, o afiador dependía exclusivamente da súa habilidade.

Hai que dicir que non tódolos coitelos e en xeral instrumentos afiados esixían a mesma destreza. O máis difícil era afiar instrumental cirúrxico coma a lanceta, ou navallas de barbeiro; para iso necesitábanse anos de experiencia.

Debido precisamente ó carácter ambulante do seu traballo, os afiadores tiveron sempre unha curiosa relación coa súa roda, que foi algo máis que un instrumento de traballo, tal vez porque sempre os acompañou nas súas viaxes; sobre todo cando se trataba da tarazana portátil ou, máis tarde, a clásica roda da que ían

Tecnicamente, estes afiadores non eran emigrantes. Non saían en busca dun traballo, senón que viaxaban co seu traballo en busca de clientela.





Mentres o esposo afiador estaba fóra, a muller facía tódolos labores da casa, da terra e do coidado dos animais, ademais de facer de pai; era, con tódalas consecuencias, unha “viuva de vivo”.

tirando. Cando se impuxo a instalación das rodas nunha bicicleta ou nunha moto, a relación case afectiva co instrumento xa non foi a mesma. Eu coñecín afiadores xa retirados do oficio que non venderían a súa roda pola metade do ouro do mundo...

En canto ó carácter solitario e túzaro dos afiadores, tamén hai que pó-las cousas no seu sitio. É certo que a marcha da aldea cara as cidades galegas ou cara a outras terras peninsulares era un acto solitario, o afiador desprazábase só; pero as cousas cambiaban cando se chegaba á zona do traballo. Alí, o afiador soía encontrarse con outros galegos do oficio e pode afir-

marse que a relación entre afiadores non foi nunca de competencia. ¡Mesmo tiñan un falar propio, o *barallete!*

Moitas veces, antes de emprende-lo traballo, procedíase ó que hoxe chamaríamos un reparto do mercado da clientela, de tal maneira que cada afiador se quedaba cun barrio, cunhas rúas ou cunhas vilas. Este criterio de reparto do traballo prolongábase durante todo o proceso. Moitas veces, a recadación de cada un dos afiadores ía parar a un fondo común que, ó cabo da semana, se repartía equitativamente. Pode dicirse que se trataba verdadeiramente dunha práctica cooperativa.



O afiador soía encontrarse con outros galegos do oficio e pode afirmarse que a relación entre afiadores non foi nunca de competencia.



Ademais, estes homes, a diferenza dos que traballaban en Seat, por exemplo, non tiñan un horario fixo, e a duración das súas xornadas era directamente proporcional ás súas expectativas. Madrugaban moito, porque a súa mellor clientela eran os comerciantes dos mercados. Polas mañás traballaban duro, e se esa media xornada se lles dera ben, xa non traballaban pola tarde, e as horas despois da comida enchíanas xogando ás cartas no bar da mesma pensión na que vivían. Claro que se a mañá fora frouxa,

pola tarde botaban máis horas pateándose as rúas da cidade coa súa roda e o seu chifre.

Outro detalle, este de carácter culinario: o afiador saía da aldea coa roda e comida para varios días ou semanas e compartía os seus alimentos con outros afiadores. Era día de festa grande cando se presentaba no grupo un afiador recién chegado de Galiza co seu xamón e os seus chorizos ben frescos, como manda Deus.



Estes hábitos de comida reflectían ben esta cultura da solidariedade e respondían, por suposto, ó que podíamos chamar tamén a cultura do aforro. Esta levaba tamén a outra práctica frecuente: a de levar da aldea un saco baleiro e sabas; logo recheo o saco con palla, servía de colchón sobre o que durmía o afiador nalgunha pousada ou incluso nalgunha palleira. Con estes recursos de comida e de descanso, o afiador evitaba o pago da fonda ou do cuarto dunha mala pensión e así conseguía que os ingresos do seu traballo foran practicamente netos. E todo voltaba á aldea, o cal non era frecuente noutros tipos de emigración.

Esta cultura do aforro practicábana tamén no aspecto estético: nunca se preocuparon moito por ir ben vestidos. E en moitos casos confesan algúns, preferían dar esa sensación de aspecto desaliñado porque así pasaban máis desapercibidos. Cousa que non sempre conseguían. Un deses vellos afiadores contábame que un día, en Burgos, se parou á beira dun coche da policía e convidárono a subir ó auto a el e á súa roda. Ó parecer, tíñano que deter durante dous días porque viña de visita á capital o Caudillo e aquel aspecto de mendigo non era presentable para andar polas rúas. Díciame o afiador que non estaba seguro se o detiveran por ir sucio e cos pantalóns de pana remen-



Esta cultura do aforro practicábana tamén no aspecto estético: nunca se preocuparon moito por ir ben vestidos. E en moitos casos, confesan algúns, preferían dar esa sensación de aspecto desaliñado porque así pasaban máis desapercibidos.



dados ou porque, colgando do caixón da roda levaba varios coitelos...

Da ambulancia á permanencia (a extinción do oficio).

O afiador comezou a ser nos últimos tempos unha figura en extinción; resulta xa difícil cruzarse con deles pola rúa.

O afiador comezou a ser nos últimos tempos unha figura en extinción; resulta xa difícil cruzarse con deles pola rúa. En realidade é o traballo ambulante o que desaparece -cousa da modernidade-: xa non percorren as estradas de España comerciantes de mantas de Salamanca ou aqueles estremeños que vendían porróns e outras pezas de olería, xa non se ven comerciantes maragatos nin vendedores



portugueses. Uns e outros formaban cos afiadores unha especie de universo no que coincidían formas de traballo e hábitos de vida.

Nos recentes anos sesenta e setenta, ó xeneralizarse o proceso de urbanización da nosa sociedade, o afiador padeceu o seu último proceso de adaptación. Tras uns anos de traballar na rúa coa roda, o noso home mercou un local, que en tódolos casos comezou a destinarse ó afiado e que pouco a pouco ampliou a súa actividade coa venda e reparación de paraugas, tesouras, coitelos ou cubertos.

Claro que non tódolos afiadores de Barcelona ou Madrid abriron unha coiteleería, mais poucos continuaron exercendo o seu oficio de modo ambulante e temporal. En parte porque a economía rural padeceu un proceso de industrialización e concentración que arruinou aínda máis as pequenas explotacións familiares. E tamén porque o maior poder adquisitivo na cidade lles permitiu gañarse mellor a vida e instalarse xunto coa familia e levar unha vida máis cómoda e desafogada que na aldea, e cun futuro máis previsible para os fillos, que efectivamente herdaron ou herdarán o novo negocio e mesmo o transformarán nunha tenda de obxectos de regalo; nada que ver coa orixinal actividade do afiado ou de reparación de paraugas. Estes son tempos consumistas, de “usar e tirar”.

A dignidade do afiador.

Nos anos sesenta e setenta, pois, os afiadores convertéronse, agora tecnicamen-



te, en emigrantes. Mais, neste caso, en emigrantes con oficio. Quizais non da clase á que colocaríamos a un Julio Iglesias, mais tampouco á de tantos centos de miles de galegos que marcharon de Galiza sen ter visto máis ferramenta de traballo que un arado romano. E esa peculiaridade permite hoxe que, se ben o oficio do afiador ten os días contados, o orgullo e o sentido da dignidade dos últimos afiadores sexan tan notables como os de hai tres séculos. Efectivamente, o afiador nunca se sentirá un traballador de segunda clase.

Isto é o último que aprendín deste profesional; quizais o máis importante, porque revela a súa alma.

Estaba eu no meu despacho cando escoitei o xa familiar para min son do chifre, que me chegaba da rúa, e permitínome unha pequena broma: collín o chifre que eu teño no despacho e púxenme a toca-

lo, co convencemento de que o afiador que tocaba na rúa tiña que ser un paisano coñecido. Pero equivoqueime, porque o afiador contestoume cun improprio acompañado dun reto: nin máis nin menos díxome que se eu tiña o que han de te-los homes, que baixara á rúa para verme a cara con el. Eu baixei, pero para aclara-lo malentendido. Atopeime realmente cun home ofendido, e faltoulle tempo para dicirme que “co meu oficio non xoga ningún”.

De inmediato identifiqueime como ourensán, e como dende o principio lle falei en galego, a auga non chegou ó río e non dubidou en acepta-la miña convidada a tomar un café no bar da esquina. A idea resultou proveitosa porque na palabra con el, agora xa con toda tranquilidade, souben dalgunhas cousas tamén curiosas e sorprendentes. Efectivamente, este paisano procedía de terras de Ramuín, e o seu oficio fora sempre o de



Nos recentes anos sesenta e setenta, ó xeneralizarse o proceso de urbanización da nosa sociedade, o afiador padeceu o seu último proceso de adaptación. Tras uns anos de traballar na rúa coa roda, o noso home mercou un local, que en tódolos casos comezou a destinarse ó afiado e que pouco a pouco ampliou a súa actividade coa venda e reparación de paraugas, tesouras, coitelos ou cubertos.



afiador; tamén me explicou que esa escanstrada bicicleta que seguía levando polas rúas coa roda montada coñecera moito mundo e máis dunha vez cruzara o charco. E é que este home, logo de ter pasado uns anos xa como afiador en Castela, decidiu marchar a Montevideo para seguir co oficio. Fixo realidade o seu proxecto e, aínda que fixou a súa residencia na capital de Uruguai, non se quedou sempre alí, senón que pasou temporadas en Buenos Aires e en Brasil. E mesmo nun destes periplos americanos, resulta que chegou a coñecer personalmente a Fidel Castro e ó Ché, entón en plena efervescencia revolucionaria.

Contábame isto con orgullo, e logo contoume que en Brasil afiara coitelería e ferramentas dunha gran mansión na que vivía o entón presidente da República, e que chegou a estreitarlle a man. Dende logo, experiencias deste tipo xorden de algo máis que da simple situación da emigración. Teñen moito que ver coa actividade dun oficio que se desenvolve nas rúas e dunha forma ambulante.

Ás veces penso que o oficio de afiador representa algo así como a emigración dentro da emigración galega, porque afiadores son os emigrantes que máis se moven unha vez emigrados. O meu novo

Se ben o oficio do afiador ten os días contados, o orgullo e o sentido da dignidade dos últimos afiadores son tan notables como os de hai tres séculos. (...) o afiador nunca se sentirá un traballador de segunda clase.





coñecido segue hoxe co oficio xa dunha forma máis tranquila en Barcelona, onde leva vinte anos percorrendo as rúas da cidade. Antes da súa volta, estando aínda en América, decidiu probar fortuna con outro oficio, mercou un vello Chevrolet e púxose a facer de taxista. Segundo me contou, aguantou só uns meses, porque en seguida se deu conta de que aquel traballo lle resultaba moi aburrido e lle cansaba isto de estar tantas horas sentado. Deixou o Chevrolet e voltou á bicicleta. Acabado o café, relatoume o motivo do seu cabreo matinal. Resultou que aquela mañá un cliente dun bar púxose a discutirle os seus honorarios e el sentiuse ferido porque cando el entrou naquel bar a tomar un cuba-libre, nunca discutiu os prezos. “Deben pensar que porque imos mal vestidos e tirando dunha bicicleta somos mendigos. Pero equivócanse. Xa lle dixen que a partir de hoxe se afíe el os coitelos, que co meu oficio non xoga ningún”.

coitelos, que co meu oficio non xoga ningún”.

“Deben pensar que porque imos mal vestidos e tirando dunha bicicleta somos mendigos. Pero equivócanse. Xa lle dixen que a partir de hoxe se afíe el os coitelos, que co meu oficio non xoga ningún”.

Ás veces penso que o oficio de afiador representa algo así como a emigración dentro da emigración galega, porque os afiadores son os emigrantes que máis se moven unha vez emigrados.